

CARNÉ FAMILIAR



O carné familiar é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición dos membros das familias numerosas coa que van obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa en Galicia.

Persoas beneficiarias

Calquera membro dunha familia numerosa de Galicia que, cumprindo os requisitos necesarios para estar incluídos dentro do título oficial de familia numerosa, soliciten a expedición do carné familiar.

Requisitos

Cubrir o impreso de solicitude de tarxetas que atopará nas entidades encargadas da tramitación dos títulos de familia numerosa.

Validez

O carné ten unha vixencia igual que o título de familia numerosa.

Dereitos e obrigas das e dos titulares

As e os titulares do carné familiar terán dereito a:

- Beneficiarse das vantaxes e beneficios establecidos polas entidades colaboradoras no Programa do carné familiar.
- Un exemplar da Guía de Recursos e Servizos por unidade familiar, que se entregará de balde.
- Facer reclamacións formais no caso de que algunha entidade colaboradora non levase a cabo as vantaxes ou descontos estipulados.

Calquera titular do carné familiar deberá identificarse, se a entidade colaboradora o solicita, mediante a presentación do DNI e, no caso dos menores, co título de familia numerosa ou fotocopia compulsada deste.

Entidades colaboradoras

Son persoas, empresas e entidades adheridas de xeito voluntario que acordan concederlles beneficios, ou calquera outro servizo, aos posuidores do carné familiar, non acumulables a outras ofertas, rebaixas, promocións, etc., sempre en función do que determine cada establecemento colaborador.

A súa condición de entidade colaboradora farase mediante un adhesivo identificador, que deberá colocar nun lugar visible.

Máis información:

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/familias-numerosas/carne-familiar>



Don/Dona
 como (xerente, propietario/a)
 de (nome do comercio ou xurídico)
 establecemento domiciliado en
 rúa/praza número CP:
 e con NIF (NIF do establecemento) Tel.: Fax:

Clasificación dos establecementos (sinálese a actividade que corresponda):

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Alimentación | <input type="checkbox"/> Óptica e ortopedia |
| <input type="checkbox"/> Bricolaxe e ferraxería | <input type="checkbox"/> Papelería e librería |
| <input type="checkbox"/> Deportes | <input type="checkbox"/> Perfumería, cosmética e agasallos |
| <input type="checkbox"/> Dietética e herboristería | <input type="checkbox"/> Roupa da casa |
| <input type="checkbox"/> Electrodomésticos | <input type="checkbox"/> Saúde |
| <input type="checkbox"/> Ensino | <input type="checkbox"/> Seguros e servizos |
| <input type="checkbox"/> Estética | <input type="checkbox"/> Subministracións domésticas |
| <input type="checkbox"/> Florería | <input type="checkbox"/> Turismo e ocio |
| <input type="checkbox"/> Fotografía, imaxe e informática | <input type="checkbox"/> Vehículos |
| <input type="checkbox"/> Instalacións, mantementos e reformas do fogar | <input type="checkbox"/> Xoguetería |
| <input type="checkbox"/> Lavandería e tinturerías | <input type="checkbox"/> Xoiería e relojería |
| <input type="checkbox"/> Moda e complementos | <input type="checkbox"/> Outros (especificar) |

Especificar o servizo ou actividade que desenvolve

DECLARA

Que logo de coñecer todos os aspectos do programa Carné familiar, acepta adherirse como entidade colaboradora e ofrece as vantaxes para as familias numerosas que de seguido se especifican:

E para que así conste, asino o presente documento.

(Selo e sinatura)